

RESUMO PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA *LINGUA CASTELÁ E LITERATURA*

CURSO 2017/2018

C.P.I. Plurilingüe Cabo da Area (Laxe, A Coruña)

Membros do Departamento: M^a Isabel Cornes Ríos e
Noelia Iglesias Iglesias (Xefa do Departamento)



1º ESO

I. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN (4 sesións semanais)

1º trimestre: Comunicación verbal e non verbal. A linguaxe e as linguas. Bilingüismo e diglosia. As linguas e dialectos de España. Niveis de uso da lingua e rexistros. Clases de palabras. Determinantes. Os elementos da comunicación. Que é a literatura? Os xéneros literarios. Os elementos narrativos na literatura e o cine. O diario persoal e de viaxe. A carta.

2º trimestre: A descrición. O sustantivo, o pronome, o adxectivo, o SAdj e o SN. O teatro. Elementos dramáticos. O texto explicativo.

3º trimestre: O xornalismo: a noticia. O verbo, o adverbio, a preposición, a conxunción e a interxección. Textos normativos e instructivos. O suxeito e o predicado. A poesía. Literatura e arte.

II. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

<i>FORMATO</i>	<i>VALOR</i>
Media de probas de contido (alomenos unha por trimestre)	Máx. 6 puntos
Proba escrita/oral ou outra actividade para comprobación da lectura obrigatoria trimestral	Máx. 1,5 puntos
<ul style="list-style-type: none">• Libreta do alumno• Traballos escritos na aula/casa• Exposicións orais• Rexistro da súa actitude	Máx. 2,5 puntos
Lectura voluntaria trimestral De común acordo, elixir entre: <ul style="list-style-type: none">• Presentación oral da lectura• Traballo sobre algún aspecto	+ Máx. 1 punto

EXAMES DE XUÑO (información aplicable ós catro niveis académicos da E.S.O):

O alumnado terá dereito a recuperar os contidos trimestrais suspensos mediante unha proba obxectiva celebrada trala avaliación correspondente. Se os contidos trimestrais suspensos non se recuperan por esta vía, o estudante poderá facer a final de curso (en xuño) unha proba obxectiva escrita de recuperación de contidos mínimos conforme á programación de curso.

O alumno poderá recuperar determinados bloques de contidos a través de dúas vías simultáneas: a proba específica de recuperación correspondente e a propia avaliación continua de contidos progresivos. A nota final de curso é fixada a partir da media das tres avaliacións (ou das recuperacións). Non obstante, a docente pode manter a calificación máis alta cando esta reflicte unha avaliación continua dos contidos progresivos.